



BASES DO CONCURSO 'QUE CONTAS?'

O concurso de minicuentos da nova historia dos tres porquiños 'Que contas?' diríxese aos centros de educación infantil e primaria de Galicia. Como na anterior edición, o obxectivo do concurso é que os escolares galegos cóntramos a nova versión, máis sostible e moderna, do conto tradicional.

Os centros participantes deberán contarnos a súa versión do novo conto dos tres porquiños elaborado por FEARMAGA e titulado 'Aventuras no bosque de Maruxa, Xaquín e Fuco', nalgunha das seguintes modalidades:

- **CATEGORÍA AUDIOVISUAL:** A través dun vídeo.
- **CATEGORÍA ARTÍSTICA:** A través dun debuxo, colaxe, póster, etc.

As propostas deberán incorporar os valores ambientais do conto, a utilización da madeira, a reutilización de materiais e a bioeconomía circular.

Terase en conta o valor artístico das propostas, a súa orixinalidade e a capacidade de incorporación de conceptos como a reciclaxe ou os produtos naturais que proveñen dos bosques, como a madeira que serve para facer a casiña máis resistente ao lobo.

O conto está dispoñible para a súa lectura na páxina web www.maderasdegalicia.com e pode visualizarse unha sesión de contacontos dixital solicitando o envío do link do vídeo ao email federacion.fearmaga@gmail.com.

Non é preciso que as propostas sexan 100% fieis ao conto orixinal elaborado por FEARMAGA. Os escolares poden contar coas súas palabras ou mostrar á súa maneira esta nova versión do conto.

Cada centro pode enviar unha única proposta na que participen varios alumnos/as ou varias propostas con versións individuais de diferentes escolares.

Na categoría audiovisual, a duración do vídeo non está predefinida, así como os elementos de edición e mellora do vídeo, que quedan á elección dos centros. Na categoría artística, establécese liberdade de elección de materiais empregados, soporte e tamaño das propostas.

Premios

Establécense catro premios cos seguintes importes destinados aos centros escolares, para material escolar e o desenvolvemento dun proxecto forestal (plantacións, identificación de especies, proxectos baseados na madeira e a bioeconomía circular, etc).

- **CATEGORÍA AUDIOVISUAL:** 2 premios de 500 euros cada un.
- **CATEGORÍA COLECTIVA:** 2 premios de 250 euros cada un.

A maiores dos premios para os centros, os escolares participantes recibirán un lote de materiais promocionais da campaña.

Envío de materiais

Os vídeos e propostas dixitais pódense enviar por correo electrónico a federacion.fearmaga@gmail.com. O envío de arquivos deberá ir acompañado da seguinte información:

- Nome do centro educativo e curso participante.
- Número de escolares participantes.
- Dirección e teléfono de contacto do centro educativo.
- Nome e apelidos do profesor/a responsable.

Os vídeos deberán enviarse en formato vídeo (máis habituais: avi, mp4, mov ou mkv) e, se pesan demasiado para ser enviados por email, poderán ser enviados a través da páxina www.wetransfer.com.

As propostas en formato físico poden enviarse por correo postal a FEARMAGA - Federación empresarial de aserraderos y rematantes de madera de Galicia, Centro de Negocios Costa Vella Rúa de Amio 114, Parque empresarial Costa Vella, 15707 Santiago de Compostela.

Resolución dos gañadores

O xurado do concurso estará formado por unha comisión seleccionada para tal fin. O xurado poderá establecer deserta calquera das categorías do concurso.

A data límite para enviar os traballos será o 31 de maio de 2022.

Todos os materiais enviados para participar no concurso deberán ser orixinais e pasarán a ser propiedade de FEARMAGA - Federación empresarial de aserraderos y rematantes de madera de Galicia, con carácter gratuíto, sen dereito a remuneración de ningunha especie a favor do autor. Os participantes garanten e responsabilízanse ante FEARMAGA do cumprimento das disposicións en materia de propiedade intelectual e de dereitos de imaxe sobre os traballos declarando que a súa difusión e/ou reprodución no marco do concurso e destas Bases non lesionan nin prexudican a terceiros e asumen persoalmente calquera responsabilidade que destas puidese derivarse.

Os centros educativos comprométense a incluír nos seus vídeos soamente aqueles escolares que contén con autorización para a cesión de imaxes e difusión de contido audiovisual (incluímos modelo de solicitude de autorización para aqueles centros que o necesiten).

Todos os materiais recibidos poderán ser exhibidos con motivo da difusión e información sobre o concurso escolar, na páxina web de FEARMAGA, nas súas redes sociais e nos medios de comunicación.

De conformidade coa Lei Orgánica 15/1.999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, os datos persoais facilitados para a inscrición neste concurso quedarán rexistrados nun ficheiro cuxo responsable é FEARMAGA co fin de xestionar o concurso.

A participación no concurso implica a aceptación da totalidade destas bases.



AUTORIZACIÓN PARA A DIFUSIÓN DE CONTIDO AUDIOVISUAL

D/Dª.....,
con DNI..... pai/nai do alumno/a.....,
escolar do centro **AUTORIZO** a utilizar as imaxes nas que o meu
fillo/a aparece gravado, individualmente ou en grupo, con motivo da participación no concurso de
contacontos infantil/lectura dramatizada organizada por Fearnmaga.

O prazo da cesión dos dereitos de imaxe e voz será por tempo indefinido, de forma gratuita e sen
límite no seu ámbito territorial.

Igualmente, autorizo que estas imaxes poidan aparecer en calquera plataforma de comunicación
de Fearnmaga -páxina web, redes sociais, vídeos e folletos divulgativos, etc-, de conformidade co
artículo 2 da Lei Orgánica 1/1982 de 5 de maio, sobre Protección Civil de Dereito á Honra, á
Intimidade Persoal e Familiar e á Propia Imaxe.

Firma:

Lugar e data: